

Entrevista | José Crespo Iglesias

ALCALDE DE LALÍN

«Teño un gran proxecto para Lalín»

J. B.

LALÍN

■ Vinte anos non é nada, dí a canción, e José Crespo está a piques de cumprir esa cifra como alcalde de Lalín. Municipalista convencido, mira con temor os recortes de ingresos aos concellos dende outras administracións. E a crise espera superala con enxeño, para facer realidade proxectos importantes en marcha como o novo pavillón multiusos, a casa consistorial e a consecución de máis solo industrial. E outros pendentes: «Teño un gran proxecto para Lalín e quero cumprilo».

—**Chegan as festas, ¿como as vive o alcalde?**

—Sempre son motivo de gozo as festas, que contribúen un pouco a esquecer os problemas cotiás que todos temos e adicarse un pouco máis á familia e aos amigos. Despois do verán veñen ben as festas, son agradecidas para subir a costa da volta ao traballo.

—**Estamos nun ano difícil para os veciños.**

—É un ano marcado por unha crise brutal que tamén se nota no noso municipio, con empresas que se foron ao tacho, o que provoca certa desazón pero que esperamos esquecer pronto. En sitios con máis emprendedores como Lalín, pode notarse máis, con algunha constructora que parou e afectou directamente ao Concello, en obras como as da galescola e a nova casa consistorial a medias con FCC. Haberá que capear o temporal, nunca choveu que non escampara. A construción parou e os ingresos baixaron, pero hai que buscar saídas e agudizar o eñeño.

—**¿En que situación se atopa o principal proxecto en marcha, o consistorio?**

—Nós fixemos os deberes despois da crise de Proinsa, falamos coa UTE e FCC amosouse disposto a seguir adiante coa obra. Agora

O alcalde de Lalín anima a gozar das festas patronais e agudizar o enxeño ante a difícil situación económica



MARCOS MÍGUEZ

Crespo espera superar con éxito as consecuencias da crise

falta que FCC negocie cos administradores concursales no proceso de Proinsa e nós tomamos o acordo no pleno para que as obras poidan seguir adiante.

—**¿Cal é a situación económica das arcas municipais?**

—A crise afecta a todos os concellos e Lalín non é unha excepción, con menos ingresos de taxas e a pretensión de recortes dende o goberno do Estado. As autonomías levan o gato á auga e os concellos quedamos para mellor ocasión e os municipalistas, os que levamos moito tempo, estamos moi cabreados porque dende o Goberno central nunca se

nos deu aos concellos a importancia que teñen. Hai xa alcaldes de todas as cores políticas, non só do PP, que din ata aquí chegou a tomadura de pelo. Os alcaldes imos facer unha fronte común.

—**As solucións non pasan por aumentar a presión fiscal sobre os veciños.**

—En tempos de crise aumentar as taxas e os impostos municipais é o fácil, pero tamén é o máis inxusto. Todos os concellos estamos facendo números para cadrar os orzamentos e manter os mesmos servizos. Hai os mesmos gastos máis o incremento do IPC e menos ingresos, e polo tanto

poñerlle o cascabel ao gato é complexo. A miña idea é non subir impostos, salvo que non cadre o orzamento.

—**¿En que proxectos traballa agora o Concello?**

—Temos un proxecto de mandato pero hai que adaptarse á situación actual de crise. Os servizos que prestamos imos tentar garantizalos e novos servizos deberán esperar como o plan Baby Lalín previsto no 2009. Temos en marcha obras importantes de infraestrutura como o pavillón Lalín Arena e o novo concello. Vou seguir traballando polo meu proxecto de Lalín 2025.

—**A ampliación de solo urbano xoga un papel importante nese desenvolvemento, agora estancado pola crisis.**

—Temos novas urbanizacións como o Agro de Lalín de Arriba e o plan SUE-3. Hai menos demanda de solares pero nun futuro volverá a tomar pulo a construción agora parada. Temos solo para 3.000 ou 4.000 vivendas.

—**Vostede vén do mundo agrario. ¿Como ve a situación neste momento?**

—O gran problema é que o agro non comercializa directamente os seus produtos e os gandeiros non fan valer os seus dereitos. O agro ten que deixar escoitar a súa voz, cando ademais non se fían dos sindicatos, de todos, que os representan.

—**Un desexo final para estas festas de As Dores.**

—Desexar boas festas a todos os lalinenses e visitantes. Dicirlles que en tempos de crise hai que agudizar o enxeño, porque cando pase temos que estar preparados para ter unha velocidade de saída superior ao resto e nós vamos a ter os deberes ven feitos.

Posta en marcha dunha empresa municipal para impulsar o turismo

Unha das iniciativas nas que traballa na actualidade o goberno lalinense é a creación dunha empresa municipal de turismo. O obxectivo pasa por impulsar este sector como alternativa ao agro e á moda, principais motores económicos xunto aos servizos. Crespo pretende aprobar en poucas semanas os estatutos da empresa municipal, que están estudando os xuristas do Concello e despois pasarán xa a debate política e aprobación plenaria. «Queremos ter a empresa en marcha a finais deste ano e que teñamos xa proxectos na mesa no 2009», apuntou o alcalde.

Crespo afirma que Lalín está recibindo «polo menos o que lle toca», tanto do Estado como da Xunta de Galicia e «da Deputación recibimos mellor trato». «Podémoslle quitar máis, pero estamos dentro da media», apuntou o rexedor. Entre os proxectos que están en carteira destaca a construción dun centro de día, a apertura da galescola do polígono Lalín 2000 e o novo edificio para a Concellería de Medio Rural.

O rexedor afirma que está traballando en 25 proxectos e agarda que doce poidan saír adiante e culminarase alomenos seis ou sete. Destacou a posta en marcha de servizos que non estaban no programa do PP, como a delegación da Uned ou ter dúas galescolas. Entre as cuestións que quedarán pendentes está a actualización do Plan Xeral de Ordenación Municipal en espera de coñecer a nova e, espera definitiva Lei do Solo, «prometida para o 2008 e segue pendente».



GSAN LALÍN ASESORIA INTEGRAL SL

YOLANDA GONZÁLEZ ALONSO

Procuradora

CORREDURIA DE SEGUROS

Francisco J. González Santomé

Delegado

VÁZQUEZ & GARRIGA

Abogados

Avda. De La Estación 3 bajo-Tel. 986 79 23 08